



Avaliación e Promoción do 1º ciclo e EP (2º EP)

1. Avaliación
2. Criterios de Promoción
3. **Mínimos esixibles** para a promoción do 1º ciclo por áreas

. Bases Legais

Basándose no disposto en :

LOE, Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

El **Decreto 130/2007**, de 28 de junio, por el que se establece el *currículo de la educación primaria* en la Comunidad Autónoma de Galicia

Orden de 23 de noviembre de 2007 *por la que se regula la evaluación en la educación primaria* en la Comunidad Autónoma de Galicia.

1. Avaliación



A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora.

Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo recolleitos todos eles no Decreto 130/2007 e na concreción que deles fagan os centros no seu proxecto educativo. Os criterios de avaliación das áreas serán referente fundamental para valorar tanto o grado de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos.

Ao término do 1º ciclo e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colegiada, primando o criterio de persoa titora.

2. Criterios de Promoción de ciclo.

Tal e como establece o artigo 9 do Decreto 130/2007, o alumnado promocionará ao ciclo seguinte sempre que se alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas (reflectidas nos mínimos por área) e un adecuado grado de madurez conforme á súa idade. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación de devanditas aprendizaxes.

Por elo, cando un alumno/a non supere as competencias claves reflexadas nos mínimos esixibles, que aparecen nos cadros anteriores, de dúas *materias instrumentais* (*matemáticas, lingua galega ou lingua castelá*), **non promocionará ao seguinte ciclo**. De igual modo non promocionará se non supera vos mínimos esixibles de tres materias, sendo unha delas



instrumental.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros en torno ás competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, nos términos previstos no artigo 16.6º do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma galega, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.

Procedementos e instrumentos de avaliación

	Procedementos			
	Escritos	Orales	Observación directa e sistemática	Otros
Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> · Tareas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula · Caderno de clase do alumno/a · Actividades de avaliación (libro, fichas, pruebas escritas...) · Traballos en grupo · Resolución de exercicios e problemas na aula · Actividades de expresión escrita · Actividades interactivas 	<ul style="list-style-type: none"> · Preguntas individuais o grupales · Participación do alumno/a · Intervención na aula · Postas en común · Probas orais individuais · Lectura expresiva · Preparación en grupo de diversas actividades: coloquios, exposicións, debates... 	<ul style="list-style-type: none"> · Escalas · Listas de control · Rexistros · Ficha rexistro individual 	<ul style="list-style-type: none"> · Informe de avaliación

3. Mínimos esixibles para a promoción do ciclo (2º EP).



ÁREA DE LINGUA

- Participar con atención e respecto en situacións de comunicación oral propias da vida escolar: actividades en grupo, facer preguntas,...
- Memorizar textos orais sinxelos, empregando a entoación e ritmo adecuados.
- Ler e comprender o que le, con pronunciación, entoación e pausas correctas.
- Construír frases orais e escritas coas palabras subliñadas dun texto.
- Usar correctamente as maiúsculas en nomes propios, ó empezar a escribir e despois de punto.
- Uso axeitado de punto, coma, interrogación e admiración.
- Usar r/rr; c/z; g/á/gü; br/bl, correctament
- Elaborar textos sinxelos e curtos escritos con coherencia (separando as palabras e empregando as normas sinaladas anteriormente).
- Apreciar as dúas linguas (galego e castelán) como medio de comunicación na vida diaria tendo presente a nosa condición de comunidade bilingüe.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Contar ler e escribir números ata o millar coñecendo o valor que indica a posición das cifras, distinguindo unidades, decenas e centenas.
- Resolver problemas sinxelos relacionados coa situación da vida cotiá, empregando as operacións de suma e resta.
- Medir obxectos e espacios con unidades de medida convencionais: cintas, polgadas, cuartas, pasos, etc. Tempo: mes, día, semana, etc. Reloxo: hora, minuto, etc
- Capacidade para orientarse, situarse sendo eles o punto de referencia en relación ós demais, con obxectos do seu entorno empregando as posicións de dereita, esquerda, dentro, fora, enriba, debaixo, diante, detrás, lonxe, cerca, etc.



COÑECEMENTO DO MEDIO

- Coñecer e utilizar as regras de convivencia máis usuais.
- Aplicar criterios que permitan descubri-lo coidado do seu entorno e as diferencias entre seres vivos e inertes.
- Realizar observacións para descubrir os fenómenos atmosféricos, seres vivos, estacións e medios de comunicación.
- Descubri-los traballos e profesións máis habituais do seu entorno, así como as ferramentas e máquinas máis elementais.
- Utilizar hábitos elementais relacionados coa alimentación, hixiene e posturas correctas que favorezan a saúde

EDUCACIÓN FÍSICA

- Respecta ós compañeiros.
 - Respecta ó profesor.
 - Respecta ós materiais e instalacións empregados na práctica educativa.
- 1-O corpo: imaxe e percepción:
- *Identificar e numerar as partes do corpo en sí mesmo e nos demais.
 - *Aprender a moverse gardando o equilibrio tónico.
- 2- Habilidades motrices:
- * Desenvolver a capacidade motora xeral.
 - *Desenvolver e afianzar as coordinacións grosas e finas.
 - * Afianzar a estrutura espacio- temporal.
 - *Manter o equilibrio seguindo distintos percorridos: con diversa base de sustentación,...
- 3- Actividades físicas artístico- expresivas:
- *Adaptar o movemento do corpo a secuencias rítmicas.
- 4- Actividade física e saúde:
- *Adquirir hábitos de hixiene corporal e o coidado da saúde.
 - *Utilizar correctamente os espazos e materiais.
- 5- Xogos e deportes:
- *Fomentar o uso das formas espontáneas do xogo.
 - *Practicar xogos de execución moi sinxela.



*Aceptar a todos os compañeiros nos xogos e nas actividades de grupo.

INGLÉS

BLOQUE 1- Comunicación oral: escoitar, falar e conversar

- Expresar e interactuar correctamente e con fluidez nas situacións comunicativas. Participar nas rutinas das aula así como nos xogos, preguntas e respostas e role plays correctamente.
- Identificar os nomes de diferentes verbos de acción e adxectivos.
- Conversar utilizando vocabulario relativo a diferentes verbos de acción e adxectivos. e facendo uso das expresións *I can ride a bike. She can climb the tree. I can't dance. I'm thirsty....*
- Identificar diferentes medios de transporte e adxectivos e facendo uso das expresións *What have they got? They've got a lorry. He can drive a car. It's a big train. It's a yellow car. It's slow*
- Identificar os nomes de diferentes partes da casa e obxectos relacionados con ela e facendo uso das expresións *What is this? This is the bedroom.*
- Conversar utilizando vocabulario relativo a nomes de animais e o que poden facer: *run, fly...* e facendo uso das expresións *The bird can fly. The frog can jump. There is a snake. It can't fly...*
- Conversar utilizando vocabulario relativo a diferentes partes do corpo dun animal ou persoa, utilizando as estruturas: *Who is in the picture? What are they? They've got wings. It's got a tail. It hasn't got legs.*
- Conversar utilizando vocabulario relativo a pezas de vestir e facendo uso das expresións *I'm wearing a pink dress. Let's go to the school party. He's wearing a t-shirt. She's wearing a hat.*

BLOQUE 2- Comunicación escrita: ler e escribir

- Comprender a información contida en textos escritos procedentes de diversas fontes
- Escribir e aprender o vocabulario clave das distintas unidades(vocabulario específico e expresións citadas no bloque 1)
- Aprender a escribir os números do 1 ata ó 20
- Ler unha historieta, unha canción.

BLOQUE 3- Coñecemento da lingua

Vocabulario

- Coñecer e saber escribir o vocabulario das distintas unidades e os números (1 ao 20),



Gramática

- Comprender e utilizar correctamente as estruturas gramaticais aprendidas na unidade

Fonética

- Aplicar os coñecementos adquiridos de pronuncia do vocabulario e frases clave das unidades

Reflexión sobre a aprendizaxe.

- Avaliar se se utilizan as estratexias básicas que favorecen o progreso na aprendizaxe.

BLOQUE 4- Aspectos socio-culturais e conciencia intercultural

- Mostrar interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira
- Identificar algúns elementos culturais propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe
- Aproveitamento das oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Respetar e seguir as rutinas da clase
- Participación activa en actividades

MÚSICA

- Ler e interpretar esquemas rítmicos sinxelos compostos polas figuras de negra, corchea, branca e silencio de negra con percusión corporal e instrumentos de percusión.
- Ler e interpretar cancións ao unísono adecuando a súa acción ca do resto dos compañeiros/as e empregando unha técnica vocal axeitada.
- Coñecer e identificar elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama, clave de sol, negra, corchea, branca e silencio de negra.
- Executar sinxelas coreografías e dramatizacións en grupo adecuando a súa propia acción á música e á dos seus compañeiros/as.
- Participar de forma activa e cooperativa cos compañeiros nas actividades propostas amosando interese e respectando as normas de convivencia establecidas na aula.
- Recoñecer e discriminar diversos sons presentes no entorno atendendo ás calidades do son (timbre, duración, intensidade e altura).
- Coñecer e discriminar os aspectos básicos dunha peza musical adecuada a súa idade (calidades do son, pulso, melodía principal).



- Coñecer e empregar as posibilidades sonoras e expresivas do corpo, da voz, dos obxectos e dos instrumentos musicais de percusión de altura determinada e indeterminada de cara o acompañamento de cancións, xogos, dramatizacións...
- Respetar e valorar o silencio como elemento imprescindible para a audición e interpretación musical.
- Coñecer algúns compositores e algunhas das súas obras.
- Coñecer e discriminar os aspectos básicos dunha peza musical adecuada a súa idade (calidades do son, pulso, melodía principal).

EDUCACIÓN PLÁSTICA

- É coidadoso/a co material.
- Debuxa e colorea a partir dun modelo.
- Practica a combinación de cores.
- Fomenta a creatividade.
- Debuxa libremente.
- Recorta e monta superficies planas.
- Representa texturas.
- Utiliza esquemas como referencia para debuxar.
- Practica técnicas mixtas para elaborar unha paisaxe .
- Interpreta un cadro.
- Utiliza a creatividade.
- Observa as posibilidades expresivas da cor.
- Crea unha figura tridimensional a partir do plano.